




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Muxía. Parroquias: San Martiño de Touriñán na metade norte, e San Cristovo de Nemiña no sur. Extensión: 1,01km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Morfoloxicamente a unidade sitúase nas ladeiras occidentais dos montes Facho de Touriñán, ao norte, e Monte Gordo ao sur, polo que o contacto coa liña de costa se producirá a través de pronunciados cantís rochosos. A pendente destes é máis destacada na área de Monte Gordo debido á súa maior proximidade ao mar, con valores próximos ao 80 -90 %.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao Dominio hercínico, aparecendo un granitoide migmático que mostra facies granítica homoxénea agás no propio Monte Gordo. O Cuaternario pode apreciarse nos depósitos plistocenos de orixe fría existentes na fronte dos cantís e ladeiras.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada dacabalo entre dous dominios climáticos diferenciados polo rango de precipitacións. A temperatura media anual sitúase por riba de 14°C e a amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C polo que o ambiente térmico é Cálido. No tocante ás precipitacións acumuladas durante o ano nunca baixan de 1200mm pero as máximas acadan os 1400mm na maior parte da unidade, dominio Húmido, e incluso superan esta cifra recolléndose ata 1600mm en tramos da fachada acantilada e no alto do Facho de Touriñán que se incluírían no dominio Cálido-Moi Húmido.

#### OS SOLOS

Sector acantilado caracterizado polas ladeiras de forte pendente nos que aflora o substrato granítico en superficie polo que tan só se forman solos esqueléticos pouco evolucionados fundamentalmente dos tipos leptosol lítico e regosol.

#### AS AUGAS

A unidade caracterízase por presentar un relevo accidentado próximo á franxa costeira que se resolve en forma de cantís, nos que, os pequenos arrosos que circulan polo continente sucun suaves leitos servíndose das liñas de debilidade do terreo. As Augas Costeiras correspóndense coas do Cabo Touriñán (20140).

#### O PATRIMONIO NATURAL

As vertentes baixas costeiras na metade norte e toda a unidade no sur constitúen parte do ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. O hábitat dominante na liña de costa é o 1230 de cantís mariños atlánticos. As vertentes albergan grandes extensións de matos costeiros: do tipo 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos atlánticos de Erica vagans; e, en valgas húmidas, nas existentes sobre o Coído das Negras e en Carreiro de Lago, o 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Na metade sur da unidade, as elevacións sobre o mesmo cantil, Monte Gordo e A Vela, presentan afloramentos graníticos que achegan ambientes propios do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A unidade caracterízase por un uso agrícola nas zonas de cultivo situado ao longo do único viario existente. A ladeira oeste do monte Cabanelas está ocupada por algunha parcela repoboada con piñeiros polo que se aprecia tamén un uso forestal.

#### MORFOLOXÍA

Na unidade non existe ningún asentamento de poboación, non obstante existe unha construción dunha antena de telecomunicacións no alto do Pedroso.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existe unha estrada local que percorre a unidade paralela á costa, cun trazado rectilíneo e acomodándose ás curvas de nivel sen provocar un impacto visual importante.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Non hai ningún patrimonio catalogado nesta unidade.



### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A fronte costeira da unidade está composta por cantís costeiros cunha diferenza de cotas moi acusada, a media ladeira encontrámonos unha planicie costeira por onde discorre a estrada e como fondo escénico o monte do Pedroso cunha cota de 175m e o monte Cabanelas con 200m de altitude a 1Km da costa. Na parte sur do da unidade existen dúas elevacións sobre o mesmo cantil, Monte Gordo e A Vela. En xeral a unidade ten un carácter natural sen que exista ningunha perturbación na súa estrutura paisaxística.

### DINÁMICA DA PAISAXE

Sobre a matriz biofísica hai un cambio de usos do solo no monte Cabanelas, pasando parte da superficie da ladeira oeste a ser repoboada cando antano se utilizaba como pradarias. A implantación da estrada actual contribuíu á desaparición dalgúns dos camiños tradicionais que accedían ao parcelario agrícola debido ao desuso.

### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A Costa da Morte caracterízase por unha paisaxe virxe identitaria, a singular beleza das formacións costeiras de grandes cantís con pendentes case verticais e as increíbles vistas do océano rompendo nos salvaxes cantís dotan a esta unidade dun gran valor e singularidade. Este relevo pertence ao Espazo de Interese Xeomorfolóxico de Monte Gordo, con valiosísimos fitos paisaxísticos que se suceden ao longo dos seus escarpados cantís. A súa singularidade física e caracteres xeomorfolóxicos incidiron no imaxinario social que o identifica como parte do escenario da paisaxe litoral de Costa da Morte. En xeral a paisaxe da unidade non foi modificado, mantendo en case toda a súa extensión a estrutura existente a mediados de século. Resaltan sobre toda a unidade os seus grandes cantís costeiros, sobre todo os da metade sur cunha altitude de 115m, costeiras que constitúen parte do LIC-ZEPVN Costa da Morte. O único viario existente achega unhas amplas vistas da paisaxe. As mellores vistas panorámicas da unidade obtéñense desde o Monte Gordo.





#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



